

Lingua galega (maiores de 45 anos). Criterios de corrección (2024)

Cuestións

1. Elabore un resumo do texto e propoña un título (2 puntos).

Asígnase medio punto por indicar un título (só 0,25 se se trata dun título moi obvio). O punto e medio restante corresponde ós contidos máis relevantes, pero sen facer unha paráfrase do texto. Penalízanse as faltas de precisión e exactitude.

2. Explique brevemente o significado das seguintes palabras, marcadas en negra no texto: *recolleitas, friaxe, xurdiu, pólas* palabras, marcadas en negra no texto: *recolleitas, friaxe, xurdiu, pólas* (1 punto).

Outórgase 0,25 por cada expresión ben explicada. Pódense atribuír puntuacións parciais segundo a precisión da resposta. Non se considerará suficiente a indicación de sinónimos, aínda que se poden atribuír puntuacións parciais de 0,1 puntos se se escriben varios sinónimos.

3. No texto aparecen as formas verbais *principiaba* (l. 2), *acabaron* (l. 4) e *inclúe* (l. 15) Conxúgueas no tempo en que están. E, ademais, *atribuír* (l. 4) e *xurdiu* (l. 11) en presente de indicativo (2 puntos).

Atribúese 0,4 a cada paradigma indicado correctamente. Descóntanse 0,06 puntos por cada forma incorrecta.

4. A seguir reproducense varias palabras derivadas e compostas, subliñadas no texto. Indique cales son as palabras primitivas de que proceden ou as que as compoñen: *provén, anglosaxoa, benvida, erroneamente* (1 punto).

Atribúese 0,25 a cada forma indicada correctamente: *vir, anglo/saxón, ben/vir, erróneo*.

5. Redacte un texto sobre a vixencia actual en Galicia do Samaín, Halloween ou Día dos Defuntos (4 puntos).

De acordo co programa desta materia, o alumnado debe escribir un comentario en que demostre a súa capacidade de expresar de maneira organizada e razoada ideas sobre o tema do texto, poñendo en relación os aspectos máis relevantes deste cos coñecementos, ideas e experiencias propias. Débese redactar un texto que conte con coherencia e cohesión, por medio dos recursos lingüísticos apropiados e correctos.

Na avaliación deste comentario valorarase a pertinencia dos argumentos, pero sobre todo a correcta construción do texto (organización da información) e a adecuación e a corrección lingüística (redacción, adecuación do nivel de lingua, gramática, léxico, ortografía, puntuación).